



## Sobre a presenza e acción de Deus para crentes «teófilos» e crentes «teófobos»



Pedro Castelao<sup>1</sup>

### 1.- Introducción: non existen os «incredentes»

Crer en Deus é racionalmente tan lexítimo coma non crer nel<sup>2</sup>. Porén, é un feito que nas últimas décadas non precisa defensa ningunha a segunda afirmación; pero, dado o contexto maiormente «teófobo» no que vivimos, si é cada vez máis necesario asegurar o dereito e a intelixibilidade da primeira opción<sup>3</sup>.

Por iso é prioritario desfacer un malentendido contemporáneo de considerable extensión: os chamados «crentes» serían os que optan por dar un salto de fe ao afirmaren a «existencia» dun «ser» divino situado alén do mundo, cousa que os «incredentes» non farían en absoluto. Fronte á ousadía dos «crentes», que darían un paso no baleiro máis aló do precipicio, os «incredentes» asomaríanse tan

---

1 Pedro Castelao é profesor de Teoloxía na Universidade Pontificia Comillas e director da revista *Encrucillada*.

2 Este artigo é unha nova elaboración dunha primeira versión considerablemente máis curta publicada na revista *Pensamiento*. Esta é a referencia completa, P. Castelao, «¿Qué significa que Dios «actúa» en la creación?»: *Pensamiento*, núm 276, Serie especial n.º 8 (2017) vol. 73, 733-739.

3 Cfr. N. Y. Harari, *Homo Deus. Breve historia del mañana*, Debate, Barcelona, 2017, 134: «Durante miles de años, os humanos utilizaron a Deus para explicar numerosos fenómenos naturais. Que provoca o estoupido dun raio? Deus. Que fai que caia a chuvia? Deus. Como comezou a vida na Terra? Fíxoa Deus. Ao longo dos últimos séculos, os científicos non descubriron ningunha evidencia empírica da existencia de Deus, mentres que si atoparon explicacións moito máis detalladas para a caída dun raio, a chuvia ou as orixes da vida. Isto explica que, coa excepción dalgúns subámbitos da filosofía, ningún artigo de ningunha revista científica sometida a revisións académicas tome en serio a existencia de Deus».